



Asunto.- Propostas interadministrativas para mellora do barrio de Mollavao

Vista a documentación técnica e os tres informes remitidos en data 20/12/2017 polo Sr. enxeñeiro xefe da OTMAIES, nos que se eleva proposta ao órgano competente desta administración municipal para que se formulen as seguintes solicitudes, para a ampliación e mellora de accesibilidade e seguranza na rede viaria no barrio de Mollavao:

- a) Ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, de concesión do dominio público marítimo terrestre para a construción dun novo vial entre a estrada PO-546 e a Avenida de Marín.
- a) Á Xunta de Galicia, de transferencia da titularidade ao Concello de Pontevedra do treito urbano da estrada PO-546 (Pontevedra-Marín) abranguido entre os PP.KK. 0+000 e 0+550.
- c) Á Deputación Provincial, de elaboración dun convenio de colaboración para a mellora e ampliación da rede viaria entre a estrada PO-546 (Rúa de Rosalía de Castro) e a Avenida de Marín.

E de orde do Sr. Concelleiro de Goberno da área de Ordenación do Territorio, ao abeiro do establecido no artigo 45.2 d) do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, aprobado polo Pleno do 21/10/2005, BOP núm. 248 do 28/12/2005, cómpre emitir o seguinte **informe con proposta de acordo**:

Antecedentes

1º.- Nos referidos informes e como antecedente, refírese o troco de titularidade e a aprobación do proxecto redactado polo *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente*, que permitirá completar a conexión entre o paseo xa existente ao longo da avenida de Marín (antiga estrada PO-12), co barrio e a praia do Cabo nos Praceres (Lourizán), polo que quedaría pendente a mellora da vella estrada PO-546, de Pontevedra a Marín, cuxo titular é a Xunta de Galicia, así como a comunicación transversal entre as dúas infraestruturas amentadas.

Tamén se alude á concentración de equipamentos de uso público no treito inicial da PO-546, coincidente coa rúa de Rosalía de Castro do rúeiro municipal (centro de día de SISAE, *Casa do Mar*, xardíns de Fontesanta e parque infantil de tráfico, entre outros), que atraen a numerosos cidadáns e, ao tempo, orixinan problemas de convivencia entre os peóns e o tráfico rodado, o que motivou, no seu día, a solicitude do Concello para a implantación de medidas encamiñadas a garantir a seguranza das persoas que se moven nesa contorna urbana.

Así as cousas, o Concello de Pontevedra comezou a estudar distintas solucións para resolver os problemas detectados nese treito urbano da estrada PO-546 e o resultado reflíctese no *“Estudo previo para reordenación e mellora da estrada vella de Marín”*, documento que estuda distintas alternativas, non só para mellorar a seguranza viaria na rúa Rosalía de Castro, senón que tamén incorpora ao mesmo o espazo público existente nas proximidades da Praza de Mollavao, ao tempo que trata de resolver a inexistencia dunha conexión transversal entre a estrada PO-546 e a avenida de Marín a través do estacionamento disuasorio situado nas inmediacións da *Casa do Mar*, así como a posibilidade de incorporar ao patrimonio municipal os terreos pertencentes á desaparecida empresa “Construcciones Malvar”.

Nese Estudo, a rúa de Rosalía de Castro queda configurada como unha vía de sentido único



de circulación para vehículos, dotada dunha banda de estacionamento e servizos, con beirarrúas amplas, do mesmo xeito que outras rúas da cidade con sección transversal similar. Esta sección mantense ata a glorieta de nova planta situada no P.K. 0+550, antes da ponte do ferrocarril ao Porto de Marín, da cal arranca unha nova rúa de conexión coa avenida de Marín.

Para poder levar a cabo a totalidade de actuacións incluídas no Estudo precísase tramitar, tanto a transferencia da titularidade da estrada PO-546 ante a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, coma a concesión dos terreos afectados polo dominio público marítimo terrestre ante o Servizo provincial de Costas de Pontevedra e, asemade, negociar e solicitar a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial, toda vez que se trata de comunicar, a través dun vial non previsto no PXOU, dúas redes viarias de considerable importancia e tráfico: a primeira delas, a PO-546, de competencia actual da Xunta de Galicia e a segunda, a avenida de Marín, que comunica coas estradas PO-12 e PO-11, de titularidade estatal, que serven de acceso ao porto de Marín, polo que se lle propondrá a aprobación do proxecto de novo trazado, ao abeiro das súas competencias en materia de estradas provinciais e a colaboración no seu financiamento.

O orzamento estimado para a totalidade de actuacións incluídas no estudo é de 2,2 millóns de euros (IVE engadido), dos cales 0,6 millóns de euros corresponden ao viario de nova construción e 1,6 millóns de euros se destinarán ao acondicionamento e reurbanización da estrada PO-546.

2º.- A normativa que regula a entrega e transferencia de titularidade aos Concellos dos treitos urbanos das estradas galegas, está contida na Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG) e e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG) e, en particular, no artigo 9.4 da amentada LEG e 18 do Regulamento.

3º.- Polo que atinxe á concesión demanial para o novo viario, en terreos nos que consta autorización de ocupación para uso municipal por parte do Servizo provincial de Costas de Pontevedra, de data 22/01/1999, cómpre remitirnos ao disposto nos artigos 64 e seguintes, en relación co art. 42 e seguintes da Lei 22/1988, do 28 de xullo de costas, desenvolto no Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas.

4º.- É deber das Administracións colaborar lealmente e chegar a acordos para impulsar actuacións que doten de servizos e melloren a calidade de vida dos cidadáns, remitíndonos por mor da necesaria concesión e brevidade aos principios que rexen as relacións interadministrativas.

Entre eses principios reitores da actividade das Administracións Públicas ocupan un lugar preeminente os de colaboración e cooperación, constitucionalizados no artigo 103 do Texto constitucional e positivizados hoxe polos artigos 140 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e polos artigos 10 e 55 da LRBRL, que veñen a obrigar ás entidades locais a prestarse a cooperación e asistencia activas necesarias para o eficaz desenvolvemento das tarefas que lle corresponden.

5º.- No que atinxe ás esixencias do art. 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cómpre remitirnos, ademais de ás concretas previsións legislativas que en materia de estradas acabamos de invocar, ao sinalado nos informes aludidos do Sr. Enxeñeiro municipal, nos que, tras incidir en que a transferencia





ínstase precisamente para que se poidan acometer obras de accesibilidade e calmado de tráfico no treito a ceder, -demandadas polo Concello e veciñanza-, conclúe que estas terán escasa incidencia ou repercusión nos obxectivos da amentada lei, lembrando que parte do mantemento deste treito urbano xa corre por conta do Concello.

Os custes de mantemento do treito do vial, de uns 550 m de lonxitude, non van supor un atranco en vindeiros orzamentos municipais, como no seu día non o supuxeron os distintos treitos de estradas transferidos polo Ministerio de Fomento ou a Deputación, xa que se limitarán aos gastos correntes de conservación e mantemento de calquera outra rúa da cidade, segundo o técnico municipal informante.

En todo caso, e de non considerarse suficientes os informes do Enxeñeiro municipal, o informe de sostibilidade que desenvolva as concretas repercusións e efectos para acreditar o cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, deberá esixirse e incorporarse aos procedementos no intre anterior á aceptación da cesión polo Concello, e á sinatura do convenio coa Deputación, se for, insistentes, procedente.

Á vista das competencias que se lle atribúen á Xunta de Goberno Local no art. 127 da Lei 7/1985, do 4 de abril, de bases do réxime local e se esta presta conformidade aos informes subscritos polo Sr. Enxeñeiro Xefe da OTMAIES de data 20/12/2017, incorporados ao expediente -que se referencian na parte expositiva do presente e serven de fundamento ao acto consonte ao establecido no art. 88.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas- poderá adoptar, de estimalo procedente, o seguinte, **acordo**:

Primeiro.- Solicitar da *Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar* do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, a concesión, en favor do Concello de Pontevedra (CIF P3603800H), de 3.364,41 m² de dominio público marítimo terrestre, situados fóra da liña de ribeira que se reflicten no plano de ocupación do proxecto básico/addenda ao "*Estudio previo para reordenación y mejora de la carretera vieja de Marín*", subscrito polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, don Santiago N. López Fontán, ao abeiro do disposto no artigo 64 en relación co 42 da vixente Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, para a súa ocupación, coa finalidade de poder executar o treito de novo viario que se reflicte na amentada documentación técnica, incluída a franxa de protección de 3,00 metros a cada beira da futura infraestrutura viaria, para a conexión transversal entre a estrada PO-546, (actual rúa de Rosalía de Castro) e a Avenida de Marín, permanecendo o resto da parcela con referencia catastral núm. 8570315NG2987S0001HZ que xa conta con autorización de ocupación para uso municipal outorgada por parte do Servizo de Costas de Pontevedra o 22/01/1999, nas mesmas condicións que na actualidade.

Segundo.- Solicitar da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, a transferencia da titularidade do treito urbano da estrada PO-546, Pontevedra-Marín, (actualmente rúa de Rosalía de Castro), entre os PP.KK. 0+000 (avenida de Fernández Ladreda) e 0+550, que se reflicte e grafita no "*Estudio previo para reordenación y mejora de la carretera vieja de Marín*", subscrito polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, don Santiago N. López Fontán, ao abeiro do disposto no artigo 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e o artigo 18 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, coa finalidade de proceder á redacción dos proxectos, licitación, construción e o desenvolvemento das distintas actuacións incluídas no referido estudo técnico.



Terceiro.- Instar á Deputación Provincial de Pontevedra o inicio dos trámites para a negociación e a sinatura dun Convenio de colaboración para a mellora e ampliación da rede viaria entre a estrada PO-546 (rúa de Rosalía de Castro) e a Avenida de Marín, coa finalidade de que, unha vez obtidas a concesión e a cesión reflectidas nos puntos anteriores, se poida proceder á aprobación do proxecto de novo viario, previa inclusión do mesmo no plan provincial de estradas e a pactar a colaboración no financiamento consecuente, que se reflectirá nos correspondentes proxectos e pregos de licitación das distintas actuacións incluídas no Estudo previo redactado polo Concello a tal efecto.

Cuarto.- Delegar na Alcaldía as atribucións necesarias para a realización de cantas xestións sexan precisas en orde a acadar a concesión demanial, a cesión descrita do referido treito viario urbano así como a sinatura do convenio, resolvendo os posibles atrancos que se poidan suscitar.

